

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o xoves, día 18 de decembro de 2008, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese.

- \* Aprobación do programa especial de promoción do PDI 2008.
- \* Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2009/10.
- \* Creación da dirección de área de implantación de títulos de grao.
- \* Estimación do recurso de alzada presentado por Dna. Dolores Rivero Fernández contra o acordo do Consello de Centro de 13 de novembro de 2008.
- \* Estimación do recurso de alzada presentado por D. Rafael Barrionuevo Giménez contra o acordo da Xunta de Escola do 30 de outubro de 2008.
- \* Aprobación dos plans de estudo dos seguintes graos: estudos de galego e español, linguas estranxeiras, tradución e interpretación, ciencia e tecnoloxía dos alimentos, administración e dirección de empresas, ciencias da actividade física e do deporte, economía, educación primaria, educación social, traballo social, turismo, educación infantil e enfermaría.
- \* Aprobación dos mestrados oficiais de carácter investigador.
- \* Aprobación das solicitudes de verificación polo procedemento abreviado dos mestrados autorizados e implantados segundo o R.D. 56/2005.
- \* Aprobación das incorporacións de remanentes de libre disposición.
- \* Aprobación de transferencias de crédito.
- \* Aprobación do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2009.
- \* Aprobación do plan operativo de xestión de xerencia.
- \* Aprobación da participación da Universidade de Vigo no programa IMÁN: solicitude de praza de investigador sénior para a posta en marcha do Centro de Investigación Biomédica.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de apoio á mobilidade do persoal de administración e servizos coa Universidade Técnica de Lisboa – Protocolo de co-tutela de tese coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenio de colaboración interuniversitaria para a impartición do mestrado universitario theoretical chemistry and computational modelling coa Universidade de Estremadura – Convenio específico de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras de San Pedro Sula, para o desenvolvemento dun especialista en automatización industrial – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación.
- \* Foi elixido como membro da Comisión de Investigación e da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos polo sector PAS, D. Xoán Manuel Cebro Rodríguez.
- \* Foi elixido como membro da Comisión de Organización Académica e Profesorado polo sector PDI, D. Anxo M. Lorenzo Suárez.

Vigo, 19 de decembro de 2008  
A secretaria xeral



Esther M<sup>a</sup> González Pillado